

## IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

### CONSELLERÍA DE FACENDA

*ORDE do 10 de febreiro de 2012 pola que se procede ao nomeamento como funcionarias do corpo de xestión da Administración da Xunta de Galicia, subgrupo A2, escala técnica de estatísticos, das aspirantes que superaron o proceso selectivo convocado pola Orde do 17 de decembro de 2010.*

Unha vez rematado o proceso selectivo para o ingreso no corpo de xestión da Administración da Xunta de Galicia, subgrupo A2, escala técnica de estatísticos, convocado pola Orde da Consellería de Facenda do 17 de decembro de 2010 (DOG núm. 244, do 22 de decembro), e realizado o acto de elección de destino previsto na Orde do 27 de xaneiro de 2012 (DOG núm. 24, do 3 de febreiro), esta consellería, de conformidade co disposto no Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia e demais normas concordantes,

#### DISPÓN:

Nomear funcionarias do corpo de xestión da Administración da Xunta de Galicia, subgrupo A2, escala técnica de estatísticos, as aspirantes aprobadas que se relacionan no anexo desta orde, ordenadas de acordo coa puntuación final obtida, e adxudicarlles como destinos definitivos os que figuran no mesmo anexo, de acordo co acto de elección de destino que tivo lugar o día 10 de febreiro de 2012.

Para adquiriren a condición de funcionarias, as persoas a que se refire o anexo desta orde deberán cumprir os requisitos exixidos no artigo 47 do Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, e tomar posesión do correspondente posto de traballo no prazo dun mes, que comezará a computarse a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante a conselleira de Facenda no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, ou directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde esa mesma data, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, conforme o disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2012.

Elena Muñoz Fonteriz  
Conselleira de Facenda

## ANEXO

Apelidos e nome	DNI	N.º	Código do posto	Cons.	Denominación	Nivel	Centro destino	Centro directivo	Concello	Observacións
Veiguela Fernández, Noa	76580162Y	2	FCA010000215770033	FC	Técnico/a facultativo/a medio	18	S.X. de Síntese, Análise e Difusión	Instituto Galego de Estatística	Santiago de Compostela	
Fernández González, Lucía	44489593A	4	FCA010000315770043	FC	Técnico/a facultativo/a medio	18	S.X. de Producción Estatística	Instituto Galego de Estatística	Santiago de Compostela	
Martín Vila, María	76927671P	1	FCA010000215770032	FC	Técnico/a facultativo/a medio	18	S.X. de Síntese, Análise e Difusión	Instituto Galego de Estatística	Santiago de Compostela	Xornada de tarde